

Do 2-25 de xuño

# CONTORNA

NOVAS MIRADAS SOBRE ARTEIXO

Sala de  
exposicións  
do CCC de  
Arteixo



Exposición fotográfica realizada polo alumnado do IES Manuel Murguía. Venda benéfica das imaxes a prol do Banco de alimentos Rías Altas.

## VENDA DE ENTRADAS:

En horario de 11:30-13:30 h e 2 h antes de cada acto na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito a redución deberá acreditarse documentalmente (Ordenanza fiscal nº 34)

## DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

1 h antes da función na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.

Os espectáculos de exterior, en caso de choiva serán trasladados para o Auditorio do CCC de Arteixo.

Esta programación poderá sufrir variacións.

## Primavera cultural expandida

CENTRO CÍVICO CULTURAL  
DE ARTEIXO  
E ANFITeatRO

maio e xuño  
2021

+info

CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO  
PASEO FLUVIAL S/N, 15142

981641803/cultura@arteixo.org

www.artaixo.org

#culturasegura



galicia Xacobeo 2021



AGADIC



# Programa cultural das Flores

Venres 28 de maio-20:30 h  
"Nada" de Moncho Borrajo

Auditorio  
90 min.  
adultos  
Entrada:  
4 e 3 €



"Nada" é o pretexto para facer rir ao público nun mundo onde as máscaras tapáronnos as bocas, pero non os corazóns. Rir de Nada, por Nada e con Nada e sacarlle mollo a todas esas cousas aos que algúns din que non pasa "Nada". Se lles gusta, díganllo aos seus amigos para que veñan e se non lles gusta, aos seus inimigos por que? Por Nada.

Sábado 29 de maio-18:00 h  
"Vaia circo" de Odaiko



Arfiteatro  
60 min.  
familiar  
Con  
invitación

Espectáculo musical de Percusión en clave de humor.

Sábado 29 de maio  
Exhibición de un "Maio"  
realizado por Richar del Toro



EN HOMENAXE AOS  
COLECTIVOS DE  
TRABALLADORAS/ES  
ESENCIAIS DURANTE A  
PANDEMIA DO COVID  
LUGAR:  
Paseo das Letras

Domingo 30 de maio-20:30 h  
Mäbu en concerto



Auditorio  
60 min.  
adultos  
Con  
invitación



"Mäbu é unha banda madrileña liderada pola cantante e compositora **María Blanco** (filla de Sergio e Estíbaliz) e o músico e produtor **Txarlie Solano**.

Con máis de 200 concertos e a publicación de 5 discos **Mäbu** converteuse nunha banda imprescindible na escena musical independente e comeza a ter unha gran proxección en México. É unha banda capaz de desfacerse de tópicos e fórmulas manidas, aglutinando influencias do rock, o pop, ou as bandas sonoras, a fin de definir un estilo inequivocamente persoal.

Venres 4 de xuño-20:30 h  
"Contos que foron chistes"  
de Avelino González



Auditorio  
60 min.  
adultos  
Entrada:  
3 e 2,25 €

Moitos chistes cos que hoxe rimos son unha adaptación de contos vellos que hoxe mudaron as formas pero non os contidos nin o fondo; rir, normalmente, de quen manda. É algo así como se dixeramos "se non podes desobedecer, cando menos ri del". Ademais, os contos, non teñen máis fronteira que o sentido do humor de cada un. Por isto hai contos que se contan moi, moi semellantes en distintos países.

Venres 11 de xuño-20:30 h  
"12 leiras"

Documental de Xabier Maceiras  
e Antón Bocixa



Auditorio  
90 min.  
adultos  
Entrada:  
3 e 2,25 €

As expropiacións nos anos 60 e 70 para o **Polígono de Sabón** supuxeron o desaloxo e sufrimento de moitas familias que perderon as vivendas e que quedaron sen as terras que eran a súa fonte de sustento. 12 Leiras é unha viaxe pola memoria das case 30 persoas entrevistadas que falan doutro xeito de vida. Historia e paisaxe, coa reflexión que dá a perspectiva de medio século transcurrido.